Código da convocatoria: 074/2026

Data de publicación a efectos de prazos: 2 de outubro de 2026

ACORDO DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DA CONVOCATORIA 074/2026 DA FUNDACIÓN GALEGA DE INVESTIGACIÓN SANITARIA (IDIS) POLO QUE SE RECTIFICA O BAREMO PROVISIONAL DE MÉRITOS

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Os membros do Tribunal de Selección designado para cualificar o proceso selectivo correspondente á Convocatoria **074/2026** para a provisión dun posto de Titulado/a Graduado/a II

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Con data do 30 de setembro de 2026, procedeuse á publicación na páxina web da Fundación do baremo provisional de méritos obtidos polos aspirantes admitidos no proceso.

SEGUNDO. Durante o prazo de alegacións aberto tras a devandita publicación, presentouse reclamación por parte dunha das persoas aspirantes, sinalando unha discrepancia na valoración do Mérito M5 (Coñecemento de inglés acreditado mediante certificados oficiais)**.**

TERCEIRO. Analizada a reclamación polo Tribunal, constatouse a existencia dun erro material e xeneralizado na aplicación dos criterios de valoración do devandito mérito M5, ao non terse computado correctamente as certificacións oficiais achegadas en prazo por varios dos candidatos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO. O artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, faculta á Administración para rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

SEGUNDO. O principio de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego público (artigo 55 do EBEP) obriga a este Tribunal a aplicar os criterios de valoración de forma homoxénea e idéntica a todos os aspirantes. Detectado un erro que afecta a varios candidatos, a única vía legalmente admisible para garantir a obxectividade do proceso é a revisión de oficio de todas as puntuacións correspondentes ao mérito afectado.

TERCEIRO. Para evitar calquera situación de indefensión e garantir o principio de contradición, a rectificación do baremo provisional esixe a apertura dun novo prazo de alegacións, permitindo que todos os aspirantes poidan coñecer as novas puntuacións e, se é o caso, formular as reclamacións que estimen oportunas.

En virtude do exposto, este Tribunal de Selección, por unanimidade,

ACORDA:

1. RETROTRAER o procedemento ao momento da valoración de méritos e APROBAR a rectificación de oficio das puntuacións do Mérito M5 para todos os aspirantes afectados, conforme ao detalle que se incorpora no Anexo a este acordo.
2. APROBAR o baremo provisional corrixido da Convocatoria 074/2026, o cal substitúe plenamente o publicado con data do 30 de setembro de 2026.
3. ABRIR un novo prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do baremo corrixido na web da Fundación, para que os aspirantes poidan presentar as alegacións que consideren oportunas.
4. ORDENAR a publicación do baremo provisional corrixido na páxina web da Fundación para xeral coñecemento.

E para que conste, asínase o presente acordo por medios electrónicos.

Firmado por ADRIAN MOSQUERA ORGUEIRA - ***0621** el día 01/10/2026 con un certificado emitido por

Fdo.: O Presidente do Tribunal

Firmado por TARRIO PEREZ ANA - ***1027** el día 01/10/2026 con un certificado emitido por AC FNMT Usuarios

Fdo.: O Secretario do Tribunal

Detectado o erro na valoración do mérito M5 do baremo provisional publicado o 30 de setembro de 2026, e unha vez revisadas polo Tribunal as puntuacións correspondentes ao dito mérito, procédese á publicación do baremo provisional corrixido, que substitúe ao publicado anteriormente

MÉRITOS A VALORAR		PUNTUACIÓN TOTAL (MÁX. 90 PUNTOS)
M1	Posuír titulación oficial de Máster en Bioinformática, Bioestatística, Bioloxía Computacional, Ciencia de Datos Biomédicos ou áreas afíns	25
M2	Coñecemento e experiencia en programación científica (Python, R ou linguaxes afíns), así como no uso de contornas reproducibles de análise de datos.	25
M3	Experiencia en metodoloxía, estatística e modelización de datos en proxectos de investigación	20
M4	Experiencia no apoio técnico á organización, seguimento, documentación e execución de actividades científico-técnicas en proxectos, unidades, plataformas ou estruturas de apoio á investigación.	10
M5	Coñecemento de inglés acreditado mediante certificados oficiais	10

ASPIRANTES INCLUÍDOS

Aspirante	M1	M2	M3	M4	M5	Total baremo provisional
AMB_46xxxx07T	25	25	20	6	7	83
NFS_77xxxx01P	25	22	20	10	5	82
SRR_49xxxx72E	25	25	20	6	0	76

JGF_46xxxx30P	10	25	20	10	3	68
LRL_53xxxx55E	5	25	20	10	8	68

ASPIRANTES EXCLUÍDOS:

1- Non acceden a fase 2 por non cumprir o punto 4.3 das bases da convocatoria

Aspirante	M1	M2	M3	M4	M5	Total baremo provisional
ACP_78xxxx72B	0	25	20	6	5	56
ARR_71xxxx19F	0	15	12	10	10	47
MSC_32xxxx65J	0	15	20	6	0	41
MDVAR_Z4xxxx20C	0	8	20	10	0	38
GABP_35xxxx92H	0	15	12	10	0	37
MZR_53xxxx66K	0	8	12	10	5	35
AMR_77xxxx99Q	0	15	6	3	10	34
MFB_43xxxx00Z	0	15	12	6	0	33
OFBP_35xxxx28D	0	15	12	6	0	33
CVC_49xxxx81W	0	15	12	3	3	33
LFB_32xxxx57V	0	8	6	6	10	30
VALB_61xxxx36K	0	8	6	6	10	30
IDLO_49xxxx10B	0	8	12	3	0	23
MPG_54xxxx30C	0	0	6	6	10	22
PMP_72xxxx15G	0	0	6	6	10	22
ALN_34xxxx66J	0	8	6	6	0	20
ARL_53xxxx71T	0	8	6	6	0	20
MFM_54xxxx92D	0	8	6	3	0	17
MOL_31xxxx11M	0	8	6	3	0	17
PGO_77xxxx28L	0	0	6	10	0	16
CBPN_Z0xxxx83M	0	0	6	6	0	12

LOV_34xxxx13H	0	0	6	3	0	9
LPG_54xxxx72Z	0	0	0	6	0	6

2- <u>Non acreditan a documentación requirida ou non o fan debidamente</u>

Aspirante
ABS_15xxxx76P
APR_48xxxx01X
AJCT_46xxxx05R
GRS_48xxxx78N
IGG_74xxxx56E
JMSA_47xxxx63C
MNEE_Y9xxxx91C
MVDO_X0xxxx853E
RBC_78xxxx51Q
SZB_AXxxxx85
SSA_53xxxx39H

Ábrese un novo prazo de **2 días hábiles** para presentar as alegacións tras a data de publicación na web da Fundación. As persoas aspirantes excluídas, por non cumprir o punto 4.3 das bases da convocatoria, poderán emendar o defecto que motivou a súa exclusión, aportando a documentación acreditativa pertinente, no prazo arriba mencionado, mediante un correo electrónico a rrhh.fidis@sergas.es referenciando a Convocatoria que corresponda no asunto do correo electrónico.

En Santiago de Compostela, a data de firma electrónica

Firmado por ADRIAN MOSQUERA ORGUEIRA - ***0621** el día 01/10/2026 con un certificado	Firmado por TARRIO PEREZ ANA - ***1027** el día 01/10/2026 con un certificado emitido	Firmado por PEREZ MIGUEZ CARLOS - ***8497** el día 01/10/2026 con un certificado emitido por AC
Presidencia do Tribunal	Secretaría do Tribunal	Vogal do Tribunal